

O papel da muller na sociedade rural ourensá: familia campesiña e comunidade (s. XVIII-XIX)¹

M^{re} JOSÉ LÓPEZ ALVAREZ

Bolseira predoutoral, Area Historia Moderna, Facultade de Humanidades, Universidade de Vigo.

DELFINA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

Bolseira F.P.I. Area Historia Moderna, Facultade de Humanidades, Universidade de Vigo.

Resumen

Analízase neste traballo o papel da muller na sociedade rural ourensá dos séculos XVIII e XIX a partires do vaciado de fontes de carácter demográfico, fiscal e notariais, relativas ás comarcas de Cea e Celanova.

Palabras claves: tipoloxía familiar, posesión da terra, prácticas hereditarias, status social.

Abstract

Role of woman in rural society in Ourense during 18th and 19th centuries is analysed throug an examination of demographic, tax and legal sources in regions of Cea and Celanova.

Key words: typology of family, land possession, heritage, social status.

As investigacións relativas á muller, do mesmo xeito que o acontecido noutros eidos historiográficos, viviron un proceso evolutivo que arrancando dun primeiro interese centrado no ámbito político e personalidades de élite, desembocaron nun amplo estudio de aspectos socioeconómicos e de carácter cultural que culminaron en datas recentes na preocupación sobre temas concernientes ó mundo das mentalidades², caso da vida cotiá, niveis de vida, historia da familia, a vida privada, a actitude humana ante a vida e ante a morte, etc.³, esixindo do historiador o emprego dunha metodoloxía multidisciplinar baseada na socioloxía, antropoloxía e a historia⁴.

¹ Este traballo forma parte do Proxecto de Investigación: «Bases Estructurais e Élites de Poder na Galicia Meridional (s. XVI-XIX)», subvencionado pola Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (XUGA, 38204A96). Unha primeira versión do mesmo foi presentada no marco do III Congreso de Movementos Sociais Alternativos celebrado en Ourense no mes de abril de 1997.

² Neste senso cabe reseñar a labor pioneira desenvolta no seo da Escola de Annales desde mediados dos anos 70, que derivando dunha historia de carácter cuantitativo e centrada no ámbito económico-social, avanzou hacia o dominio das mentalidades e a multiplicación de obxectos de estudio. Véxase ó respecto resúmenes dos ponentes na mesa redonda sobre «El tournant critique de Annales» en *Actas do Congreso Internacional A Historia a Debate*, Tomo I, A Coruña, 1995, pp. 46-51.

³ Lonxe dunha historia dos grandes acontecementos, hoxe en día temas referidos á infancia, morte, prostitución, etc., son obxecto de estudio en múltiples traballos dos que unicamente suliñamos os seguintes: ARIES, P., *El niño y la vida*

No referente á metodoloxía empregada nos estudos sobre a muller, a evolución tamén resulta constatable; de feito, a historiografía marxista aportou unha primeira vía de análise a seguir coa introducción do concepto de «división sexual do traballo», que permitiu superar os primeiros enfoques aillados xurdidos de obras de carácter xeral que abordaban dun xeito case anecdótico o tema. Este alicerce metodolóxico permitiu explicar o papel subordinado das mulleres en sociedades baseadas nunha economía predominantemente agraria, pero a rixidez do termo, de forte contido bioloxista⁵, provocou o seu rexeitamento e substitución polo enfoque dos estudos de xénero. En palabras de Joan Scott, unha das súas teóricas máis relevantes, o termo «xénero» alude a unha tentativa das feministas contemporáneas para reivindicar un territorio definidor específico, de insistir na insuficiencia dos corpos teóricos existentes para explicar a persistente desigualdade entre mulleres e homes⁶.

Partindo deste concepto de xénero, na práctica concreta da historia xurde a necesidade de adecuar os estudos sobre a muller ás limitacións que nos impoñen as fontes históricas; os historiadores da muller⁷ deben así achegarse ó seu obxecto de análise a partir dun corpus documental, pensado, redactado e destinado, na maioría das ocasións, por e para os homes⁸. É o caso concreto

familiar en el Antiguo Régimen, Madrid, 1987; BAULANT, M., «Niveau de vie des familles rurales dans la Brie du XVIIIe siècle», en R. BONNAIN, G. BOUCHARD e J. GOY, *Transmettre, hériter, succéder*, Lyon, 1992, p. 135-151.; BUXO, M. J. y VOLTES, P., *Madres y niños en la historia de España. Grandezas y miserias de la vida íntima de otros tiempos*, Barcelona, 1989; SAAVEDRA, P., *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994; VOVELLE, M., *Mourir autrefois. Attitudes collectives devant la mort aux XVIIe et XVIIIe siècles*, Gallimard, 1974.

⁴ En opinión de J. Amelang e M. Nash, a expansión e o enriquecemento dos temas de investigación vense acompañados por unha revisión no método histórico, que nos conducirá ó descubrimento de novas fontes e ó desenvolvemento de enfoques e modos de análise innovadores. Vid. AMELANG, J. S. e NASH, M., *Historia y género: las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Valencia, 1990, p.11.

⁵ W. A. Goode sostén que a división sexual é esencialmente cultural e só unha pequena parte desta división ten raíces biolóxicas, é dicir moitas das pautas de conducta habitual con respecto á muller débense a elaboracións culturais e polo tanto suxeitas a unha marxe de arbitrariedade, podendo ser cambiadas por outras normas ben distintas. Recollido de SEGALÉN, M., *Antropología histórica de la familia*, Madrid, 1992, p. 176.

⁶ SCOTT, J. W., «El género: útil para el análisis histórico», en J. S. AMELANG e M. NASH, *Historia y género...*, opus cit., p. 43. I. Morant entende o xénero como un modo de categorizar ás mulleres como colectivo sociocultural e un xeito de pensar e analizar os sistemas de relacións sociais como sistemas tamén sexuais, é dicir trata de considerar ó sexo feminino no que este ten de cultural e histórico, de categoría social imposta sobre o corpo sexuado das mulleres. Vid. MORANT, I., «El sexo de la historia», en G. GOMEZ e I. MORANT, *Las relaciones de género*, Madrid, 1995, pp. 46-47.

⁷ Un dos feitos máis salientables que resulta do achegamento bibliográfico ós estudos de xénero, radica na meirande autoría feminina que case veu a converter as investigacións nunha historia feita por e para mulleres, co conseguinte sesgo que, sen lugar a dúbidas, eso implica.

⁸ A discriminación da muller na documentación xurídica debeuse a influencia do Dereito Romano na lexislación castelá, onde sobresaía a figura do pater familiae que exercía a patria potestas e a autoridade marital ocasionando unha especie de incapacidade xurídica da muller. Deste xeito, soamente solteiras e viuvas maiores de 25 anos podían acceder por si mesmas á práctica notarial, debéndose as escasas aparicións de casadas á ausencia do marido ou a unha previa autorización para facelo. Sen embargo, non só debemos atribuir á práctica xurídica a causalidade da discriminación feminina, a acción eclesial que busca modelar as condutas dos seus fieis según a nova relixiosidade xurdida de Trento, pretende un rexio control sobre a familia, célula básica da reprodución, de maneira que a figura do pai queda reforzada cunha autoridade superior. A modo de exemplo, obsérvase a división de funcións e o papel que se lle asigna a muller na «Declaración de los mandamientos de la ley de Dios», que figura nas «Constituciones Sinodales del Obispado de Orense», de 1622 e reimpresas no ano 1843: «y los padres están obligados a doctrinar y enseñar a sus hijos, y darles estado no contrario a su voluntad. Los casados han de tratar a sus mujeres amorosa y cuerdamente como Cristo a su iglesia, y las mujeres asimismo a sus maridos obedientes como la Iglesia a Cristo». Archivo Catedralicio Ourensán.

Véxase ó respecto: PEREZ BALTASAR, M. D., «La marginación femenina en la Época de los Austrias», en *Actas Congreso Internacional Historia de la Familia. Una nueva perspectiva sobre la sociedad europea*, Murcia, 1994, p.254; RIAL GARCÍA, S. M., *Las mujeres en la economía urbana del Antiguo Régimen: Santiago durante el siglo XVIII*, A Coruña, 1995, p.20-21. DUBERT, I., «Los comportamientos sexuales premaritales en la sociedad gallega del Antiguo Régimen», en *Studia Histórica*, Vol. IX, 1991, p.122.

que nos ocupa, cando para achegarnos ó papel da muller nos espazos de sociabilidade rural durante o Antigo Réxime, recurrimos á documentación emanada da elaboración do Catastro de Ensenada (1752), protocolos notariais ou mesmo mencións extraídas de documentos de carácter eclesiástico, caso das Sinodales do Obispado de Ourense; fontes onde a presenza feminina xoga xeralmente un papel secundario⁹.

A consulta desta importante masa documental permitíranos resolver as hipóteses de partida que nos plantexamos con respecto ó rol desenvolto pola muller nas dúas comarcas analizadas; a súa presenza ou ausencia como cabezas de familia ademais doutros aspectos relacionados coa xefatura do fogar serán detectados a partir dos Libros Personales do Catastro, os recursos económicos dos fogares que dirixen coñecerémolos trala consulta dos Libros Reales, dotes e testamentos amosarannos os vieiros a seguir de cara á conformación do patrimonio familiar, ó mesmo tempo que nos aportarán luces sobre as estratexias matrimoniais e de herdanza practicadas no seo da sociedade que nos precedeu e as Sinodais ourensanas ofrecerannos unha imaxe da muller vista a través de persoas ou mesmo institucións que compartiron un mesmo contexto espacio-temporal. Polo que se desprende das fontes citadas e o seu tratamento, entendemos que a familia constitúe o ámbito axeitado de cara ó estudio da historia da muller, cando menos para o período cronolóxico abarcado nesta investigación¹⁰.

Un primeiro acercamento ó papel da muller na unidade familiar pódese acadar a partir do coñecemento do status desempeñado dentro da mesma; como cabería esperar a maioría dos fogares están rexentados por homes, sen embargo, non é despreziable a porcentaxe de mulleres que dirixe o destino das súas respectivas unidades familiares nas dúas comarcas analizadas, un 22,4% sobre o total¹¹. Para entender na súa verdadeira dimensión este dato, sirva reseñar algunhas das porcentaxes obtidas noutras investigacións desenvoltas sobre outros espazos xeográficos, caso da provincia lucense: na terra de Castroverde, Hortensio Sobrado Correa cita unicamente un 7,8% de fogares de similares características, asimesmo o profesor Saavedra constata o feito pouco corrente que significa na citada provincia a presenza de mulleres ó fronte dun fogar, as solteiras «vivendo de sobre si», eran case descoñecidas e as viúvas que, tendo un fillo casado, mantiñan a xefatura representaban un feito excepcional¹². No caso das terras de Cea e Celanova sen embargo,

⁹ Procedeuse á consulta e vaciado exhaustivo dos Libros Personales de 60 parroquias actualmente englobadas nos concellos de A Bola, Celanova, Ramirás, Cea, Amoeiro e Vilamarín así como dos Libros Reales de 3 das freguesías máis representativas das dúas comarcas estudadas, as Terras de Cea e Celanova. Asimesmo, con respecto á documentación notarial, extróuxose unha ampla mostra de escrituras de testamentos, dotes e donacións redactadas nun período de tempo coetáneo á elaboración do Catastro. Este destacado conxunto documental atópase depositado no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

¹⁰ Tomamos a acepción de familia en canto grupo doméstico, é dicir, como un conxunto de persoas que conviven «a una misma mesa y manteles» e baixo un mesmo teito, se ben somos conscientes de que o termo familia ten un senso máis amplo no que tamén quedan incluídos ós individuos ligados por unha relación de parentesco, aínda que non compartan un mesmo lume. O feito de que optemos por ese concepto máis restrinxido da familia obedece ás limitacións que nos impoñen as fontes conservadas para os tempos modernos. Sobre o debate aberto acerca da interpretación da familia consúltase: CHACON, F., *Historia social de la familia en España*, Alicante, 1990; FLANDRIN, J. L., *Los orígenes de la familia moderna*, Barcelona, 1979; LASLETT, P., «La famille et le menage: approches historiques», en *Annales E. S. C.*, 1972.

¹¹ Un primeiro problema que se deriva da tipoloxía das fontes empregadas, radica na imposibilidade dun achegamento a aquelas mulleres casadas que por razóns circunstanciais asumen temporalmente as tarefas de dirección dos grupos domésticos. A emigración temporal de carácter masculino orientada hacia as segas en Castela ou ben ás vendimias portuguesas é un feito constatado nas dúas comarcas a través dos actos fúnebres que quedan referidos nos libros parroquiais; polo tanto, a ausencia do núcleo familiar durante unha parte do ano esixía da presenza doutra persoa que asumira a xefatura.

¹² SOBRADO CORREA, H., «La familia de la tierra de Castroverde en el siglo XVIII: estructura y comportamiento», en *Boletín de Estudios Fontán Sarmiento*, p.20; SAAVEDRA, P., «Casa y comunidad en la Galicia Interior», en C. BERMEJO (Edit.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, 1989, p. 103.

se ben máis da metade das cabezas de familia eran viúvas que asumiron este papel trala morte do marido, un tercio das mesmas estaba constituído por mulleres solteiras¹³.

Ata o de agora, sabemos da presenza de mulleres dirixindo, a mediados do século XVIII, unha proporción non desdeñable das familias de Cea e Celanova; entendemos que o coñecemento das súas idades poderá aportarnos claves explicativas sobre o modo en que accederon á xefatura. Como se observa na táboa que a continuación se presenta, máis do 70% das cabezas de familia, posúen máis de 40 anos, é dicir, a idade representa unha porta de acceso á autoridade familiar e á independencia. As mozas solteiras debían residir no fogar paterno baixo a patria potestas e en espera de contraer nupcias, as limitacións económicas, culturais e morais do momento, así llo esixían; de acceder ó matrimonio o papel do pai pasa a ser suplantado polo do marido e unicamente a morte deste permitiríalles o acceso á xefatura. A concentración que se produce nos tramos comprendidos entre os 40 e os 69 anos obedece á existencia, dunha parte daquelas solteiras que non chegando a contraer matrimonio a estas idades xa as consideramos como solteiras definitivas e por outra parte, das viúvas antes sinaladas. Evidentemente a caída que se reflicte no último tramo considerado ven imposta pola elevada mortalidade propia destas idades.

PORCENTAXE DE MULLERES CABEZAS DE FAMILIA POR TRAMOS DE IDADE

TRAMOS IDADE	Nº MULLERES	PORCENTAXE
MENOS 20 ANOS	6	1,07
20-29 ANOS	44	7,87
30-39 ANOS	60	10,73
40-49 ANOS	120	21,46
50-59 ANOS	153	27,37
60-69 ANOS	137	24,5
70 OU MAIS ANOS	39	6,97
TOTAL	559	100


FONTE: Elaboración propia a partir dos Libros Personales do Catastro de Ensenada. AHPOU¹⁴

O seguinte gráfico elaborouse a partir das porcentaxes que representan as mulleres cabeza de familia respecto ó total e por cada grupo de idade. A visualización do mesmo confírmanos o anteriormente exposto:

¹³ Aínda que con posterioridade voltaremos sobre este tema, as diferencias constatables con respecto á presenza de mulleres solteiras dirixindo fogares en ámbalas dúas provincias, constitúen un primeiro indicio acerca das diferentes concepcións relativas á familia, fogar, herdanza e por conseguinte ó status da muller dentro dos referidos marcos.

¹⁴ A táboa está elaborada a partir dunha mostra sobre un importante número de «libros personales» do Catastro se corresponde coas parroquias de Cea, San Facundo de Cea, Oseira, Pereda, Longos e Viña, así como as que se encontran englobadas dentro da xurisdicción de Amoeiro e con respecto á comarca de Celanova, as parroquias de Vilanova dos Infantes, Celanova, Santa Baia, Rubiás, San Munio de Veiga, San Paio de Veiga, Amoroce, Soutomel, Freás de Eiras, Bobadela, Casardeita, Barxa e Penosiños.

PORCENTAXE DE MULLERES CABEZA DE FAMILIA RESPECTO O TOTAL DE CADA GRUPO DE IDADE.



Seguindo a metodoloxía no seu día desenvolta por P. Laslett e o grupo de Cambrigde¹⁵, podemos coñecer a tipoloxía dos agregados domésticos dirixidos por mulleres, en función do seu estado civil, e fundamentalmente das relacións de parentesco que se entretexen entre os familiares residentes baixo un mesmo teito. O emprego da citada clasificación tipolóxica por parte dun importante número de investigadores que nos precederon, permitiu ata o de agora alcanzar unha primeira xeografía das estruturas familiares e os sistemas nupciais na Península Ibérica¹⁶, a partir da que o noso ámbito de investigación quedaría integrado dentro do universo da denominada familia troncal, aínda que as porcentaxes de complexidade que se obteñen para a case totalidade do territorio galego (exceptuando a provincia lucense), resultan claramente inferiores ás acadadas noutros espazos do Norte Peninsular¹⁷.

Polo que se refire ós fogares dirixidos por mulleres e a tenor da táboa que a continuación se presenta, a proporción de familias extensas e múltiples, é dicir, a porcentaxe de complexidade (13,3%), vese reducida con respecto ás cifras que se obteñen de analizar o total dos agregados do conxunto da sociedade, sen embargo, a súa importancia radica no feito de tratarse de mulleres que detentan as rendas de fogares ante a presenza, na maioría das ocasións, de fillos casados na casa

¹⁵ Con respecto á clasificación tipolóxica empregada, véxase LASLETT, P., «La famille et le menage: approches historiques», en *Annales E., S., C.*, 1972, pp. 847-872. As modificacións introducidas por outros investigadores en aras dunha adaptación do modelo as características da familia galega pódense consultar na obra de I. Dubert. DUBERT, I., *Historia de la familia en Galicia durante la Epoca Moderna (1550-1830)*, 1992.

¹⁶ ROWLAND, R., «Sistemas matrimoniales en la Península Ibérica, (s. XVI-XIX). Una perspectiva regional», en V. PEREZ MOREDA e D. S. REHER (Eds.), *Demografía Histórica en España*, 1988, pp. 72-137.

¹⁷ A modo de exemplo, Camilo Fernández Cortizo obtén para a Terra de Montes unha porcentaxe de complexidade do 23,7% e nunha das comarcas analizadas nesta investigación, caso de Celanova, a proporción é do 16,7%. Vid. FERNANDEZ CORTIZO, C., «En casa y compañía: grupo doméstico y estrategias familiares en la Galicia Occidental a mediados del siglo XVIII», EN C. BÉRMEJO, *Parentesco, ...*, opus cit., p.149; RODRIGUEZ FERNANDEZ, D., «Estructura familiar y estrategias hereditarias en un pequeña comunidad campesina de la Galicia Interior, Celanova s. XVIII» en *Actas Congreso Historia de la Familia*, opus cit., pp. 664-672.

ou ben doutros familiares¹⁸. Este feito implica, sen lugar a dúbidas, un certo status da muller dentro da familia posto que ante a morte do petrucio, quen pasa a ocupar a xefatura do fogar non é o fillo casado na casa, senón a viuva, que impide deste xeito un traspaso xeracional de poderes.

Obviamente, as mulleres viuvias que teñen ó seu cargo fillos de curta idade aínda solteiros representan practicamente a metade da mostra analizada, deducíndose polo tanto un maioritario abandono do fogar por parte dos fillos no momento en que acceden ó matrimonio. Outro dato salientable constitúe a importantísima presenza de mulleres solitarias, fundamentalmente solteiras que as veces compartían a súa soidade con outras persoas coas que non estaban ligadas por lazos conxugais¹⁹.

CLASIFICACION TIPOLOXICA DOS FOGARES REXENTADOS POR MULLERES

TIPOLOXIA	Nº CASOS	PORCENTAXE
VIUVAS SOLITARIAS	39	6,5
SOLTEIRAS SOLITARIAS	166	27,6
IRMANS	37	6,1
OUTRAS RELACIONS	18	3,0
VIUVA CON FILLOS	259	43,1
EXTENSO ASCENDENTE*	2	0,3
EXTENSO DESCENDENTE*	38	6,3
EXTENSO COLATERAL*	7	1,1
MULTIPLE DESCENDENTE*	33	5,5
MULTIPLE COLATERAL*	1	0,1
TOTAL	600	100,0

Unha vez coñecida a existencia deste importante grupo de mulleres que detentaban funcións de xefatura na sociedade ourensá do momento, convírtese nunha cuestión de primeira magnitude profundizar nos medios de subsistencia que lle permitían o mantemento da unidade familiar e mesmo a súa reprodución. Sobre este punto, contamos cos datos que nos ofrece o Catrastró de Ensenada, ben nos seus libros Reales, onde se describen todas e cada unha das propiedades sobre as que se asentaba a economía familiar, ou ben a través dos Libros Personales, dado que en termos xerais contamos co dato referido á profesión do cabeza de familia. Agora ben, no referente á clasificación profesional das mulleres, as carencias da fonte son manifestas tanto polo que se refire

¹⁸ Sexa cal sexa o sexo do cabeza de familia, de cara ó estudio da muller, sempre é interesante coñecer as porcentaxes de complexidade, en tanto estos amplos fogares permitían unha distribución dos papeis femininos dende o ámbito productivo ata o reproductivo, baseándose sempre nun sistema de funcionamento de tipo xerárquico. Vid. VILLARINO PEREZ, M., «La mujer rural gallega: Un protagonismo Permanente», en *El Campo, Revista de Información Agraria*, nº 127, 1993, p. 250.

¹⁹ Debe resaltarse ó respecto a proporción de solteiras existente na comarca de Celanova, onde o 30% dos fogares baixo xefatura feminina, correspóndense con este tipo de estrutura. Cuestións demográficas e económicas poden erixirse en claves explicativas deste interesante fenómeno, unha demografía frenada a través dun férreo control da nupcialidade ou mesmo a imposibilidade de acadar unha unión matrimonial ante as limitacións que impoñían unhas explotacións de dimensións moi reducidas, son hipóteses en espera dunha confirmación, pero que polo de agora deberíamos ter presentes.

á ocultación dos oficios complementarios, que sen lugar a dúbidas deberon exercer un papel moi importante na economía doméstica destes fogares, senón tamén debido á ausencia de calquer tipo de anotación referida á profesión principal dalgunhas mulleres cabeza de familia así como do conxunto das cónxuxes²⁰.

Tendo en conta as citadas limitacións e cinxíndonos unicamente á proporción de mulleres para as que temos coñecemento da súa profesión, como cabía esperar, sobresaen notoriamente o grupo de mulleres que se adican ó traballo da terra (supoñen un 75% do total), non descartando igualmente que o 25% restante tamén explote as súas propiedades agrícolas. Con respecto a este último grupo, panadeiras e oficios relacionados co mundo textil, constitúen as ocupacións, con diferenza, máis relevantes²¹. Sen embargo os libros Reais do Catastro de Ensenada constitúen a fonte máis axeitada para aproximarnos á realidade económica dos fogares rexentados por mulleres en ámbalas dúas comarcas estudadas, ó tempo que nos permiten establecer as pertinentes semellanzas ou diferenzas con respecto ó total das explotacións campesiñas rexidas na súa meirande parte por homes²².

A capacidade para o disfrute dunha maior ou menor extensión de terra, constitúe en principio o condicionante fundamental das economías familiares inmersas nunha sociedade eminentemente rural como a que aquí estamos analizando. Neste senso, as reducidas dimensións medias das explotacións agrícolas ourensás de mediados do século XVIII (0,83 e 1,16 Has. respectivamente para Celanova e Cea) deberon influir considerablemente nas posibilidades para acadar a subsistencia anual das persoas que integraban a unidade familiar. De feito, a partir do cálculo estimado do produto neto campesiño en función dos rendementos que ofrece o Catastro de Ensenada, conséntase a insuficiencia desta explotación media, desde o momento en que serían necesarias 1,21 Has. e 2,79 Has. respectivamente para satisfacer as necesidades alimenticias dunha familia tipo, unha vez reducidas as cargas señoriais, o dezmo e a semente necesaria para facer fronte ao seguinte ano agrícola²³.

Aínda que o tamaño dos fogares femininos diminúe considerablemente con respecto á media xeral, non correspondéndose polo tanto co concepto de familia tipo (3,04 membros na comarca de Cea e 2,43 en Celanova), coa conseguinte diminución na extensión da explotación mínima necesaria para a súa subsistencia (0,7 e 1,2 Ha. respectivamente), a situación de penuria económica

²⁰ Resulta especialmente elocuente a porcentaxe de mulleres cabeza de familia das que non posuímos ningunha mención referente ó traballo, o 47,81%, sen embargo resulta lóxico pensar a súa necesaria dedicación, cando menos, as labores vencelladas á agricultura que lle permitiran o sustento dos seus respectivos fogares. Polo que respecta ás cónxuxes, a súa contribución cotiá á economía familiar constitúe un feito fora de toda dúbida, unha contribución que se ve incrementada en certos períodos cronolóxicos ante a ausencia temporal do marido. Neste senso, Ofelia Rey Castelao sinala a necesidade de ter en conta o concepto de casa como mero refuxio que lle permitía á muller a súa participación nas labores da terra. Vid., REY CASTELAO, O., «Mujer y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen», en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 3, 1995, p. 65.

²¹ Cabe mencionar o caso concreto das panadeiras da parroquia de Cea onde poidemos constatar a relevancia que xa posuía a mediados do século XVIII o coñecido pan desta terra. Tratábase dun oficio especificamente feminino, desempeñado por nais e fillas, que chegou a agrupar naquel momento a 152 panadeiras sobre unha poboación parroquial de 659 habitantes.

²² O vaciado dos Libros Reales do Catastro de Ensenada relativos ás parroquias de Santiago de Rubiás, San Munio de Veiga e San Cristobo de Cea fornece a base de datos de 219 explotacións familiares sobre a que se elaboran os cálculos que a continuación se expoñen. AHPOU. Libros Reales do Catastro de Ensenada, sig. 130-131, 747 e 1675 respectivamente.

²³ A evidente diferenza de tamaño na explotación media necesaria para a subsistencia anual nas dúas comarcas analizadas obedece ós distintos rendementos acadados en ámbalas dúas áreas, como consecuencia da práctica dunha cultura agraria centrada no cultivo maioritario do millo no caso celanovés e fundamentalmente do centeo nas Terras de Cea. Igualmente faise necesario aclarar o concepto de familia tipo, que a partir do vaciado dos Libros Personales do Catastro de Ensenada, se centra en torno ós 4 habitantes/fogor nas freguesías de análise.

que se desprende da media xeral anteriormente presentada, tamén podería estenderse ó conxunto de explotacións rexentadas por mulleres, se atendemos ó dato referido á extensión media de terra que usufruían os fogares baixo xefatura feminina (0,55 Has. no caso de Celanova e 1,13 Has. para a comarca de Cea).

De feito, as proporcións resultantes da clasificación das familias dirixidas por mulleres en función do seu grao de disponibilidad de recursos con respecto ás necesidades medias calculadas a partires do seu tamaño, incluso nos permiten falar dun agravamento da súa posición económica con respecto ó conxunto da sociedade nunha das comarcas analizadas. Parécenos un dato salientable o feito de que só un 7,1% das explotacións femininas nas dúas áreas estudadas acadaban a produción mínima necesaria para a subsistencia anual. Igualmente, outro 7,1 % do total se ben non conseguía o umbral mínimo, a partires das 1,02 Has. de terra cultivada no caso de Cea e e 0,66 en Celanova, achábanse máis preto do seu logro que o 85,7% restante que posuía unhas ridículas explotacións (0,29 Has. espacio cultivado e 0,1 respectivamente)²⁴.

As reducidísimas dimensións das terras que detentaba o 85,7% das mulleres estudadas imposibilitaba, cando menos teoricamente, a súa supervivencia. Posto que de facto a historia nos amosa que dita supervivencia era posible, quizais non deberamos perder de vista, xuntamente co papel que poideron xogar outros medios para a consecución de recursos, as posibles imperfeccións derivadas do emprego dunha fonte de orixe fiscal, onde a ocultación xa foi comprobada noutras investigacións²⁵.

Tal como mencionabamos ó comenzo, os protocolos notariais representan un medio moi interesante para profundizar nas cuestións referidas ó comportamento económico das familias así como as relacións de parentesco que se establecían entre os seus membros. Os testamentos, en concreto, constitúen unha escritura rica en informacións relativas á capacidade de adquisición dun patrimonio que aportar ó matrimonio por parte da muller, así como ó momento do ciclo familiar no que se produce dita aportación. Donacións e dotes, por súa parte, permítennos afondar nas estratexias económicas e matrimoniais das familias do século XVIII ourensán²⁶.

Centrándonos xa no caso dos testamentos, xurde unha primeira clasificación a partir do coñecemento do sexo e estado civil dos testantes. Descubrimos así unha presenza importante de mulleres que acuden ó notario para deixar constancia por escrito das súa última vontade constituindo o 41,6% dos testantes totais; sen embargo, son necesarias certas matizacións relativas ó seu estado civil: unha vez máis o sometemento da muller casada ó seu marido queda patente na súa limitada presenza neste tipo de documentación notarial ante o predominio dunha importante porcentaxe de solteiras e viúvas (preto do 70% do total)²⁷.

²⁴ De efectuar idéntico cálculo sobre o total de explotacións que compoñían a comunidade campesiña, na comarca de Celanova o nivel máis desfavorecido da sociedade representaba ó 56% do total, non apreciándose diferencias no caso de Cea entre a clasificación xeral e a que atinxe ás mulleres.

²⁵ Vid. ó respecto os cálculos elaborados polo profesor Pérez García tanto para a Península do Salnés como para as terras leonesas do Esla onde acadada porcentaxes de ocultación do terrádego que van dende o 30 ó 42,4%. PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: La Península del Salnés*, p. 39; PEREZ GARCIA, J. M., «El Catastro del Marqués de la Ensenada en tierras de León. Problemas y soluciones para su adecuado uso historiográfico», en *Minius I*, 1992, p. 174.

²⁶ A base de datos sobre a que se apoia este estudio céntrase no vaciado dun importante número de escrituras notariais, en concreto foron vaciados 324 testamentos, 88 dotes e 63 donacións redactadas nos anos inmediatos á elaboración do Catastro nas áreas comprendidas neste estudio. AHPOU, Fondo de protocolos notariais.

²⁷ A este respecto compre suliñar a lóxica de tal comportamento posto que solteiras e viúvas para asegurar a sucesión dos seus bens teñen que necesariamente pasar ante o notario, mentras que no caso das mulleres casadas parece que a confianza nos seus respectivos cónxuxes impónse. Sen embargo, esta confianza, non semella de todo recíproca, en tanto que case na metade dos testamentos feitos por homes, estos atópanse casados.

Igualmente resulta interesante resaltar os diferentes comportamentos que se perciben entre homes e mulleres casados con respecto ós seus cónxuxes á hora de legar as súas pertenzas; así, se o escaso número de mulleres casadas testantes manifestan unha preferencia clara e maioritaria por instituír ó cónxuxe como usufrutuário dos seus bens ou incluso como posuidor do quinto de libre disposición, no caso dos homes, a situación é ben distinta. Daquela, a dona unicamente se convirte en usufructuaria nun 35% dos casos analizados, porcentaxe á que se lle debe engadir o grupo de mulleres que somentes reciben unha pequeniña parte da herdanza normalmente xustificada en termos de gratitude por «amor y cuidados dispensados» (14%); fronte a este grupo, na metade dos testamentos vaciados, a muller ou ben nen se menciona, ou tan só recupera a parte correspondente á dote no seu momento aportada ó matrimonio (26%) e que foi gastada polo marido na compra de bens «gananciais».

A tenor do anteriormente exposto dedúcese a importancia económica da dote de cara á conformación dun novo fogar, pero o seu papel vai máis alá das cuestións económicas, funcionando ademais como elemento potenciador das relacións familiares en tanto que se trataba dun instrumento clave nas estratexias matrimoniais²⁸. No caso concreto da Terra de Cea²⁹, revélase esa existencia da dote en canto instrumento económico de cara á formación dun novo fogar nun amplo número de documentos nos que dita aportación consiste, única e exclusivamente, nun adianto sobre a lexítima que debe ser levada a colación no momento de redactar o testamento dos petrucios; pero tamén se constata, aínda que en menor medida, a presenza de dotes que buscan fomentar as relacións familiares a través da consecución de matrimonios desexables para os fillos, que son dotados cun nutrido capital.

A dote, sen embargo, non constitúe o único aporte económico sobre o que se asenta o novo matrimonio; o estudo das donacións, permítenos coñecer a importancia que estas sen dúbida posuían nos primeiros anos da andadura matrimonial pero sen esquecer o carácter de medida asistencial que conlevaba³⁰. Estrella Garrido sulíña o carácter solidario que levaban implícito estas donacións, aínda que «a solidariedade familiar» tamén supuña un estado de sometemento e dependencia por parte dos novos matrimonios posto que o mantemento dos bens cedidos obrigaba á obediencia ós vellos petrucios³¹.

Agora ben, esta situación de subordinación que queda descrita a través do comportamento das mulleres na documentación notarial debe ser entendida «cun xeito de optimismo», desde o momento en que a posibilidade de establecer comparacións con outros ámbitos xeográficos, caso da provincia lucense, revélanos a existencia de mulleres que posuían un status inferior dentro das súas familias

²⁸ Unha cuestión a desmitificar radica no feito de atribuír dun xeito exclusivo ás mulleres a concesión dunha dote, cando o vaciado da documentación notarial revela a existencia de dotais a mozos casadeiros ou incluso a ámbolos dous contraíntes.

²⁹ Na comarca de Celanova, aínda que sabemos da existencia de dotes a través das referencias que aparecen nos testamentos ós bens recibidos polos descendentes, apenas se conservan escrituras dotais entre toda a documentación notarial manexada.

³⁰ Sirva a modo de exemplo a escritura de donación otorgada por Ignacio Pérez e a súa dona a favor da súa filla e xenro, ós que lles donan unha terra de tres tegas de pan máis outra de seis tegas de pan en semente, dous bois, un carro, unha fouce, etc., a cambio dos coidados asistenciais precisos. Protocolos notariais, caixa 1428, ano de 1758, Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

³¹ Véxase ó respecto GARRIDO ARCE, E., «La imposible igualdad. Familia y estrategias hereditarias en la Huerta de Valencia a mediados del siglo XVIII», en *Boletín de la ADEH*, nº 3, 1992, p.97. Igualmente Hilario Rodríguez Ferreiro explica as mandas testamentarias dos campesiños do Morrazo en función do pago de contraprestacións entendidas en termos de obediencia, axuda, atencións nos achaques da vellez, etc. RODRIGUEZ FERREIRO, H., «Estructura y comportamiento de la familia rural gallega: los campesinos del Morrazo en el siglo XVIII», en *La documentación notarial y la Historia*, V. I, 1984, p. 444.

e por ende, dentro da sociedade. Neste senso, as vías que se abrían para as mulleres ourensás a partir dunha práctica hereditaria carente de toda rixidez e que de feito permitía desde un reparto igualitario ata a mellora feminina, son constatables tanto no importantísimo número de mulleres solteiras que rexeñaban un fogar como na súa presenza ó fronte de familias complexas³².

Ata o de agora adicámonos ó estudio do papel da muller no seo da unidade familiar; sobrepasar este ámbito de sociabilidade e acercarse ó seu status no marco máis amplo do conxunto da sociedade constitúe un reto dificilmente alcanzable, alomenos para o período cronolóxico aquí analizado e a partir das fontes dispoñibles. Neste senso, recurrimos unha vez máis ós testamentos como instrumento de análise, empregando o dato referente a figura do albacea como indicador de valoración social³³. Cabe sinalar que a importancia do albacea radica no feito de tratarse da persoa na que se deposita a confianza para cumprir e velar polas últimas vontade do testante. Sobre unha mostra de 264 testamentos e a partir da porcentaxe de casos na que se elixe a unha muller como albacea (un 25% do total), cremos, resulta patente a valoración da masculinidade que existía na sociedade do momento, unha valoración que en absoluto ten que ver co incansable traballo que a muller desempeñaba arreo no seo das súas familias ou coas súas posibilidades económicas³⁴.

³² Na provincia lucense o papel que lle otorgan ó primoxénito varón como continuador da casa e mesmo da dinastía familiar confírelle unha situación de claro predominio dentro da unidade familiar que relega á muller a un maior sometemento, non só no universo dos valores mentais da sociedade, senón tamén en base a súa menor capacidade económica real. Vexáse ó respecto SAAVEDRA, P., «Casa y comunidad ...», op. Cit., p. 104 e ss.

³³ Seguimos así unha metodoloxía desenvolvida polo profesor José Manuel Pérez García, que empregou o estudio dos albaceas testamentarios para comprender ó ámbito de influencia das redes familiares, a forza da comunidade e o papel da esfera eclesiástica dentro das relacións e solidariedades que se tecían no seo da comunidade leonesa do Esla. Vid. PEREZ GARCIA, J. M., «Estructuras familiares, prácticas hereditarias y reproducción social en la Vega Baja del Esla (1700-1850)», ms. inédito, p. 32.

³⁴ A idénticas conclusións chegaron M. C. Pallares no seu estudio antroponímico sobre os Tumbos de Sobrado ou mesmo M. Llinares García no traballo de antropoloxía e muller en Galicia. Ambas dúas, resaltan a necesaria diferenciación entre importancia económica da actividade feminina ou posesión da terra, e control social. Véxase PALLARES, M. C., «El sistema antroponímico de las mujeres en la Galicia Medieval. Tumbos de Sobrado», en X. CASTRO e X. DE JUANA, *IX Xornadas de Historia de Galicia*, 1995, p.53; LLINARES GARCIA, M., «Antropoloxía e muller en Galicia: balance provisorio e perspectivas de futuro», en X. CASTRO e X. DE JUANA, *IX Xornadas de Historia de Galicia*, 1995, p.11.

BIBLIOGRAFIA

- Actas do Congreso Internacional: A Historia a Debate*, Tomo 1, A Coruña, 1995.
- AMELANG, J. S. e NASH, M., *Historia y género: las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Valencia, 1990.
- BAULANT, M., «Niveau de vie des familles rurales dans la Brie du XVIII^e siècle» en R. BONNAIN, G. BOUCHARD e J. GOY, *Transmettre, hériter, succéder*, Lyon, 1992, pp. 135-151.
- BUXO, M. J. e VOLTES, P., *Madres y niños en la historia de España. Grandezas y miserias de la vida íntima de otros tiempos*, Barcelona, 1989.
- CHACON, F., *Historia social de la familia en España*, Alicante, 1990.
- DUBERT, I., « Los comportamientos sexuales premaritales en la sociedad gallega del Antiguo Régimen» en *Studia Histórica*, Vol. IX, 1991, pp.117-142.
- DUBERT, I., *Historia de la familia en Galicia durante la Epoca Moderna (1550-1830)*, A Coruña, 1992.
- FERNANDEZ CORTIZO, C., « En casa y compañía: grupo doméstico y estrategias familiares en la Galicia Occidental a mediados del siglo XVIII » en C. BERMEJO (Edit.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, Santiago, 1989, pp.145-165.
- FLANDRIN, J. L., *Los orígenes de la familia moderna*, Barcelona, 1979.
- GARRIDO ARCE, E., «La imposible igualdad. Familia y estrategias hereditarias en la Huerta de Valencia a mediados del siglo XVIII» en *Boletín de la ADEH*, nº 3, 1992, pp. 83-104.
- LASLETT, P., «La famille et le menage: approches historiques», en *Annales E. S. C.*, 1972, pp. 847-872.
- LLINARES GARCIA, M., «Antropoloxía e muller en Galicia: balance provisorio e perspectivas de futuro», en X. CASTRO e X. DE JUANA, *IX Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, 1995, pp. 7-21.
- MORANT, I., «El sexo de la historia», en G. GOMEZ e I. MORANT, *Las relaciones de género*, Madrid, 1995, pp. 29-66.
- PALLARES, M. C., «El sistema antroponímico de las mujeres en la Galicia Medieval. Tumbos de Sobrado», en X. CASTRO e X. DE JUANA, *IX Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, 1995, pp. 43-65.
- PEREZ BALTASAR, M. D., «La marginación femenina en la época de los Austrias», en *Actas del Congreso Internacional Historia de la Familia. Una nueva perspectiva sobre la sociedad europea*, Murcia, 1994, pp. 253-263.
- PEREZ GARCIA, J. M., *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia Costera: la Península del Salnés*, Santiago, 1979.
- PEREZ GARCIA, J. M., «El Catastro del Marqués de la Ensenada en tierras de León. Problemas y soluciones para su adecuado uso historiográfico», en *Minus, I*, 1992, pp. 167-182.
- PEREZ GARCIA, J. M., «Estructuras familiares, prácticas hereditarias y reproducción social en la Vega Baja del Esla (1700-1850)», ms. inédito.
- REY CASTELAO, O., «Mujer y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen», en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 3, 1995, pp.51-69.
- RIAL GARCIA, S. M., *Las mujeres en la economía urbana del Antiguo Régimen: Santiago durante el siglo XVIII*, A Coruña, 1995.
- RODRIGUEZ FERNANDEZ, D., «Estructura familiar y estrategias hereditarias en una pequeña comunidad campesina de la Galicia Interior, Celanova S. XVIII, en *Actas del Congreso Internacional Historia de la Familia. Una nueva perspectiva sobre la sociedad europea*, Murcia, 1994, pp. 664-672.
- RODRIGUEZ FERREIRO, H. M., «Estructura y comportamiento de la familia rural gallega: los campesinos del Morrazo en el siglo XVIII», en *La Documentación Notarial y la Historia*, V. I, Santiago, 1984, pp. 439-458.

- ROWLAND, R., «Sistemas matrimoniales en la Península Ibérica, (S. XVI-XIX). Una perspectiva regional», en V. PEREZ MOREDA e D. S. REHER, *Demografía Histórica en España*, Barcelona, 1988, pp. 72-137.
- SAAVEDRA, P., *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994.
- SAAVEDRA, P., «Casa y comunidad en la Galicia Interior», en C. BERMEJO, *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, 1989, pp. 95-143.
- SCOTT, J. W., «El género: útil para el análisis histórico», en J. S. AMELANG e M. NASH, *Historia y género: las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Valencia, 1990, pp. 23-56.
- SEGALEN, M., *Antropología histórica de la familia*, Madrid, 1992.
- SOBRADO CORREA, H., «La familia de la tierra de Castroverde en el siglo XVIII: estructura y comportamiento», en *Boletín de Estudios Fontán Sarmiento*, pp. 18-35.
- VOVELLE, M., *Mourir autrefois. Attitudes collectives devant la mort aux XVIIe et XVIIIe siècles*, Gallimard, 1974.
- VILLARINOPEREZ, M., «La mujer rural gallega: un protagonismo permanente», en *El Campo, Revista de Información Agraria*, nº 127, 1993, pp. 241-251.